


LIBERDADE PARA AHMAD SA'ADAT E TODOS OS PRISIONEIRO PALESTINOS

FIN DO ILLAMENTO NAS PRISIÓNS ISRAELÍS

O líder palestino encarcerado, Ahmad Sa'adat, acudirá, esta quinta feira 22 de outubro, ao tribunal de ocupación para desafiar o illamento dos prisioneiros políticos palestinos nos cárceres israelís. Únase á campaña Liberdade para Ahmad Sa'adat e participe na defensa dos dereitos dos prisioneiros palestinos e no apoio a súa loita pola liberdade!

Ahmad Sa'adat permanece en illamento na prisión de Ramon, no deserto de Nagab, desde ha seis meses, cando foi trasladado desde a prisión de Asqelan despois de 14 días de illamento. Sa'adat padece o illamento e as condicións abusivas carcerarias, xunto con outros líderes nacionais palestinos e líderes populares das prisións, recluídos todos en unidades especiais de illamento. Dentro destas unidades, Sa'adat permanece nunha unidade específica sen acceso, nin sequera, aos outros prisioneiros en illamento, privado de calquera dereito básico. Os seus libros persoais foron confiscados e tan só ten acceso aos xornais unha ou dúas veces á semana.

Négaselle as visitas da súa familia –a súa esposa, Abla, leva tres meses sen poder visitalo-, así como visitas legais, e ten prohibido facer compras na cantina da prisión, incluído a compra de tabaco. Ao patio do cárcere pode saír unha hora ao día, esposado e con grillóns nos nocellos. Isto é xustifico polas autoridades ocupantes como 'castigo' por darlle dou paquetes de tabaco a outro preso. A administración de prisións está tentando criminalizar as relacións humanas e sociais entre os prisioneiros palestinos, e entre os prisioneiros e as súas familias.



VISITE A PÁXINA DA CAMPAÑA PARA A LIBERACIÓN DE AHMAD SA'ADAT:

**WWW.FREEAHMADSAADAT.ORG
INFO@FREEAHMADSAADAT.ORG**

E VEXA COMO PODE AXUDAR A DEFENDER A LIBERDADE E OS DEREITOS DE AHMAD SA'ADAT E DE TODOS OS PRISIONEIRO PALESTINOS!

QUEN É AHMAD SA'ADAT?

Ahmad Sa'adat é o Secretario Xeral da Fronte Popular para a Liberación de Palestina, membro electo do Consello Nacional Palestino e un recoñecido líder nacional de Palestino. El estivo preso desde 2002 nos cárceres da Autoridade Palestina, custodiado por gardas ingleses e norteamericanos, até o seu secuestro polas forzas de ocupación israelís o 14 de marzo de 2006, após unha incursión militar dos ocupantes na prisión de Xericó. O 25 de decembro de 2008, foi condenado a 30 anos de prisión. Ahmad Sa'adat é membro do Concello Lexislativo Palestino e un dos máis destacados líderes nacionais palestinos encarcerado polos ocupantes.

QUEN SON OS PRISIONEIRO PALESTINOS?

Hai case 10.000 prisioneiros políticos palestinos nos cárceres israelís. Na Ribeira Occidental, cerca da metade de todos os homes están recluídos nas prisións dos ocupantes.

Son membros de todos partidos e organizacións políticas palestinas, e pertencen a todos os sectores: activistas, profesores, campesiños, estudantes.

Son mulleres e homes, e crianzas e mocidade. Detidos arbitrariamente sen probas. Tamén hai 27 membros do Concello Lexislativo Palestino. Todos estes prisioneiros nos cárceres do ocupante israelí están loitando pola liberdade do seu pobo e da súa terra.